

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Cocos, monstros

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Cambona de Lañas

Hai case 20 anos en Lañas, Arteixo (A Coruña) vivía unha anciá que odiaba os nenos.

Nas festas, cada vez que un neno cruzaba por diante da súa casa berraballe: Fóra de aquí!

Ata que un día uns gamberros cun petardo, déronlle nun pé. Do chimpo que deu caíu ao forno queimándose viva.

E agora din que as noites de festa a pantasma sae cunha escopeta disparando aos nenos e berrando, e á vez queimándose os pés.

Os veciños din que agora vive en Madrid pero eu non o creo porque eu vía á Cambona.

[Texto remitido por Martín Paz Boedo, de Arteixo (A Coruña). Outubro de 2008]